

PAU 2025
CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
LINGUA GALEGA E LITERATURA II
(Cód. 02)

PREGUNTAS		CRITERIOS DE CORRECCIÓN	CUALIFICACIÓN MÁXIMA
PREGUNTA 1 (2,5 puntos)	1.1 (1 punto)	Resumir o contido do texto: — Publicación do informe <i>Violencia dixital de xénero: unha realidade invisíbel</i> polo ONTSI. — Constatación do alto número de mulleres acosadas en internet e da fobia que por isto padecen. — Estimación estatística das mulleres afectadas e da incidencia segundo as franxas de idade. — Consecuencias psicolóxicas da violencia dixital de xénero: ataques de pánico, ansiedade, tensión, apreensión, baixa autoestima, problemas de relación.	0,75
		Evitar na redacción a paráfrase do texto e o abuso da reiteración textual das secuencias do mesmo.	0,25
	1.2 (1 punto)	Identificar e explicar a tipoloxía textual á que pertence o escrito: é un texto expositivo-argumentativo, pois a súa principal finalidade é informar dunha situación problemática e convencer da necesidade de mudar tal realidade servíndose de argumentos estatísticos e consideracións valorativas.	0,5
		Xustificar a adscrición á tipoloxía textual indicando, como mínimo, tres exemplos extraídos do texto: conectores explicativos, terminoloxía específica, modalidade enunciativa, argumentos causa-efecto....	0,5
	(0,5 puntos)	Producir textos escritos respectando as propiedades textuais (adequación, coherencia e cohesión), con corrección (ortográfica e gramatical), servíndose dun léxico adecuado e preciso e observando a extensión recomendada para as respostas.	0,5
	2.1 (1 punto)	Determinar a natureza semiaberta ou semipechada das vogais tónicas das palabras indicadas: <i>reto</i> (semiaberta), <i>mulleres</i> (semiaberta), <i>acoso</i> (semipechada), <i>novas</i> (semiaberta), <i>nenas</i> (semipechada).	1

PREGUNTA 2 (2,5 puntos; lémbrese que deben escollerse unicamente dúas opcións para responder das catro posibles)	2.2 (1 punto)	Determinar a categoría gramatical á que pertencen as palabras subliñadas no texto: <i>debulha</i> (verbo), <i>amais</i> (adverbio), <i>catro</i> (numeral), <i>pero</i> (conxunción), <i>física</i> (adxectivo).	0,5
		Engadir segundos exemplos de palabras da mesma categoría gramatical para cada caso.	0,5
	2.3 (1 punto)	Determinar a función sintáctica das seguinte cinco unidades do texto: <i>un novo informe</i> (complemento ou obxecto directo), <i>ás mulleres</i> (complemento ou obxecto indirecto), <i>no plano dixital</i> (complemento circunstancial), <i>unha de cada catro</i> (suxeito), <i>maior canto máis novas son</i> (atributo).	1
	2.4 (1 punto)	Clasificar as palabras sinaladas en simples, derivadas, compostas ou parasintéticas xustificando cada adscripción: <i>problema</i> (simple), <i>mocidade</i> (derivada do substantivo <i>mozo</i> co morfema derivativo sufixo - <i>idade</i>), <i>fobia</i> (simple), <i>atacantes</i> (derivada do verbo <i>atacar</i> co morfema derivativo sufixo - <i>nte</i>), <i>autoestima</i> (derivada do substantivo <i>estima</i> co morfema derivativo prefixo <i>auto-</i>).	0,5
		Indicar un sinónimo e un antónimo de cada unha das palabras polas que se pregunta (cada sinónimo/ antónimo ben indicado sumará 0,05).	0,5
	(0,5 puntos)	Producir textos escritos respectando as propiedades textuais (adecuación, coherencia e cohesión), con corrección (ortográfica e gramatical), servíndose dun léxico adecuado e preciso e observando a extensión recomendada para as respostas.	0,5
PREGUNTA 3 (2,5 puntos; lémbrese que debe escollerse unicamente unha opción para responder das dúas posibles)	3.1 (2 puntos)	Redactar un texto de opinión centrado na importancia dos sociolectos ou variedades sociais para calquera lingua e, en particular, para o galego. —Breve introdución: presentación das linguas como vehículos de comunicación conformados por múltiples variedades (diatópicas, diacrónicas, diastráticas, diafásicas). —Corpo de argumentación: constatación da existencia de sociolectos ou variedades sociais, comúns para o galego e outros idiomas (por exemplo: linguaxes profesionais ou tecnolectos, linguaxes urbanas...) ou específicas (por exemplo: o barallete, o verbo dos arxinas...). —Conclusión: síntese do argumentado e defensa da necesidade dos sociolectos ou variedades sociais e da súa funcionalidade.	1,5

		Empregar na redacción do texto terminoloxía lingüística especializada e axeitada aos argumentos sostidos.	0,50
--	--	---	-------------

	3.2 (2 puntos)	Determinar a variedade dialectal da narración xustificándoa a partir de, como mínimo, catro exemplos tirados do texto: texto pertencente ao bloque occidental, área fisterrá. Fenómenos: seseo prenuclear (<i>quinse, vivesa, sentro, asucarillos, desapareśian, visio</i>); gheada (<i>Mighel, caraghillo</i>); ditongo -ui (<i>muitísimo</i>); vogal temática <i>i</i> na terceira persoa do pretérito (perfecto) de indicativo da segunda e terceira conxugación (<i>morriu</i>); cheísmo (<i>sempre che quixeron ben; teu avó levábache ó sentro cultural</i>). A indicación do bloque sumará 0,25, a indicación da área sumará 0,1 e cada exemplo de dialectalismo ben determinado 0,1.	0,75
		Redactar un texto expositivo-argumentativo sobre o valor das variedades dialectais das linguas, especialmente da lingua galega: — Definición de variedade dialectal. — Constatación da variabilidade como fonte de riqueza do diasistema. — Importancia e relación das variedades dialectais na conformación da variedade estándar. — As variedades dialectais como reflexo de trazos socioculturais e identitarios.	0,75
		Empregar na redacción do texto expositivo-argumentativo terminoloxía dialectolóxica especializada e axeitada aos argumentos sostidos.	0,5
	(0,5 puntos)	Producir textos escritos respectando as propiedades textuais (adecuación, coherencia e cohesión), con corrección (ortográfica e gramatical), servíndose dun léxico adecuado e preciso e observando a extensión recomendada para as respostas.	0,5
PREGUNTA 4 (2,5 puntos; lémbrese que debe escollerse unicamente unha opción para responder das dúas posibles)	4.1 (2 puntos)	Relacionar o texto, sucintamente, coa restante obra de Álvaro Cunqueiro e coa recuperación da narrativa galega de Posguerra. — Cunqueiro como mestre da narrativa que mestura realidade e imaxinación e dos libros de retratos de tipos populares: <i>Merlín e familia</i> (1955), <i>As crónicas do sochantre</i> (1956), <i>Escola de menciñeiros</i> (1960), <i>Si o vello Sinbad volvese ás illas</i> (1961), <i>Xente de aquí e de acolá</i> (1971), <i>Os outros feirantes</i> (1979). — A narrativa galega de Posguerra e as súas voces principais: Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro, Eduardo Blanco-Amor e Xosé Neira Vilas.	0,5
		Determinar o tema central do texto: presentación ou retrato do ser imaxinario chamado O Gatipetro.	0,5
		Describir a estrutura do relato:	

		—1ª Parte (1º parágrafo): descrición física (ou prosopografía) e descrición comportamental (ou etoloxía) do Gatipetro. —2ª Parte (2º parágrafo): revelación do proceder axeitado para liberarse das molestias causadas polo Gatipetro. Elementos fantásticos relevantes no texto: —O Gatipetro como ser imaxinario mestura de felino e pequeno unicornio. —Capacidade do Gatipetro para verter auga a modo de fonte animal e inducir a micción infantil. —Fobia ao sal do Gatipetro, que, como ser imaxinario, non é cuadrúpede como os felinos, senón que ten un quinto elemento de apoio que é a súa longa lingua. —Natureza de eterno viaxeiro nocturno do Gatipetro.	1
	4.2 (2 puntos)	Relacionar o poema, sucintamente, co conxunto da escrita da autora e da poesía dos 90: —Olga Novo voz esencial da poesía galega dos 90 dende a súa estética renovadora, telúrica, erótica, neosurreal e feminista. Algunhas obras destacadas: <i>A teta sobre o sol</i> (1996), <i>Nós nus</i> (1997), <i>A cousa vermella</i> (2004), <i>Cráter</i> (2011), <i>Feliz Idade</i> (2019). —A explosión poética dos 90: variedade de liñas temáticas e estéticas. A escrita de muller.	0,5
		Determinar o tema central do poema, xustificándoo a partir de exemplos tirados do texto: Amor apaixonado de intimidade radical.	0,5
		Sinalar as principais figuras literarias empregadas no poema: símiles (<i>tirar por un poema como por un becerro</i>), imaxes visionarias (<i>corren polo meu peito rabaños de cabras</i>), hipérbatos (<i>cando xa non se está en idade de medrar/ toda maduración require un desgarrro de tendóns</i>), metáforas (<i>o tacto dos teus violíns</i>), anáforas (<i>pero coa miña pel/ coa miña pel podes</i>), estruturas paralelísticas (<i>sóbenme... / arrancan...</i>) e circulares (<i>comezo e remate coincidentes</i>)...	1
	(0,5 puntos)	Producir textos escritos respectando as propiedades textuais (adequación, coherencia e cohesión), con corrección (ortográfica e gramatical), servíndose dun léxico adecuado e preciso e observando a extensión recomendada para as respostas.	0,5

